



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG, ao abeiro da actual lexislación en materia de réxime local, presenta a seguinte **MOCIÓN A RESPEITO DAS DEFICIÊNCIAS NA A-52**

A autovía das Rías Baixas (A-52), que enlaza as cidades galegas de Vigo e Ourense coa meseta, á altura de Benavente, ata desembocar na N-VI, apresenta un estado de deterioro cada vez máis patente, con múltiples deficiencias e insuficiencias de equipamento. Unhas carencias que teñen relación directa coa política de recortes orzamentarios e cos nulos investimentos que o Estado adica a conservación das infraestruturas galegas.

Nun momento no que estamos a falar da importancia das comunicacións, de que o AVE vai ser a panacea para o desenvolvemento socioeconómico da nosa provincia, iso sí, sen especificar como vai chegar e cando, a máis importante vía de penetración que é a A-52 presenta un estado lamentábel convertíndoa na vía de alta capacidade en peor estado do Estado

As deficiencias que presenta esta autovía son múltiples e variadas: parchados que presentan gretas; tramos con gretas sen parchear; enlaces que carecen de iluminación; deficiente sinalización con outras vías de conexión, ademáis da inexistencia de elementos obrigatorios, tal e como establecen as normas de tráfico como son as liñas continuas e discontinuas da calzada, que actualmente están borradas, o que obriga aos usuarios e usuarias a circular por unha vía cuxos carrís non están delimitados en numerosos tramos, co conseguinte perigo de seguridade vial que isto supón. Esta reclamación non é nova. O BNG xa formolou sendas propostas, neste organismo Provincial a través dunha Moción apresentada no Pleno de data 22 de decembro de 2000), así como no Senado no ano 2010, na que exiximos de Fomento que o Goberno executara un proxecto de mellora e acondicionamento de todos os tramos da

A-52 que se atopan en mal estado a su paso por la provincia de Ourense, actuando de forma específica sobre os taludes para evitar desprendementos.

Por todo o anterior exposto, o Grupo Provincial do BNG solicita do Pleno da Deputación a adoción dos seguintes

ACORDO

1.- A Deputación require do Ministerio de Fomento que corrixa as carencias e deficiencias que presenta a autovía A-52 e en consecuencia a que dote orzamentariamente partidas que permitan facer un mantemento periódico e nas debidas condicións da autovía

Ourense, 19 de maio de 2016

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

